

Informe das enquisas propias do Máster en Estudos da literatura e da cultura (MELC)
2019-2020

Enquisa de perfil de ingreso: esta enquisa foi realizada por 19 estudantes e presenta resultados similares aos de cursos anteriores. Por un problema de fotocopiadora, algunhas delas presentan repetida unha páxina e fáltalles outra, polo que as respostas non son homoxéneas. Polo que respecta aos aspectos máis significativos delas, cómpre subliñar que a maioría de estudantes escolleron o MELC como primeira opción para continuar os seus estudos de grao. Polo que respecta ás súas expectativas ao finalizar o máster, as respostas máis frecuentes indican ou ben incorporarse ao mercado laboral ou ben realizar a tese de doutoramento. Ademais nas preguntas relativas á información previa a matricularse e durante a matrícula, os estudantes decláranse globalmente satisfeitos.

Enquisa de satisfacción xeral co MELC dos estudantes: foi cuberta por só catro persoas. Tendo en conta que o número de persoas que defenderon o TFM no curso 2019-2020 foi de 17, a porcentaxe de participación é de só o 23,5% o que lle resta claramente fiabilidade estatística. Os resultados son, en xeral, negativos, con medias globais que en moitas ocasións están por debaixo do 3 (preguntas 2, 3, 9, 10, 30 e 32) ou entre 3 e 3,99 (1, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 116, 18, 2527, 28, 29 e 31). Deste xeito, as únicas preguntas que obtiveron unha puntuación satisfactoria, igual ou superior a catro, foron as números 15, 17, 19, 20, 21, 22, 23, 24 e 26. Sen querer minimizar a importancia destes resultados, cómpre considerar que deben ser postos en contexto respecto aos cursos anteriores e aos próximos, dado que as enormes dificultades para alumnado e profesorado derivadas da pandemia, xunto coa escasa participación na enquisa, poden ter influído negativamente na percepción persoal dos estudantes que realizaron a enquisa.

Enquisa de satisfacción xeral co TFM: só foi realizada unha, polo que non se pode considerar unha enquisa, se non a opinión persoal dun dos estudantes. Aínda que a valoración é, en xeral, positiva, cabe destacar que esta persoa considera totalmente insatisfactoria a información presente na web da USC, na do centro, na do máster e na da materia “TFG”, aínda que, na pregunta seguinte, indica que a información que lle proporcionou o seu titor ou titora foi suficiente.